

A traxectoria do capitalismo histórico e a vocación tricontinental do marxismo



SAMIR AMIN

Economista exipcio (O Cairo, 1931) que leva máis de 40 anos radiografando o imperialismo. Con estudos en Ciencias Políticas, Estadística e Economía. Especializado en temas do Terceiro Mundo, desenvolveu o concepto «centro-periferia» como unha explicación global das relacións económicas entre os países de capitalismo avanzado e os subdesenvolvidos, centrándose de forma especial na África negra. Ten publicados múltiples libros de economía

Publicamos un magnífico traballo que veu a luz na revista *Monthly Review*, nº 9 (volume 62) de febreiro de 2011. Lembramos que a proposta principal de Samir Amin, xunto á doutros economistas terceiromundistas, sostén a necesidade dos países periféricos de proceder a unha desconexión do mercado mundial e evitar participar na división internacional do traballo para facer fronte ao subdesenvolvemento.

Tradución do inglés para o galego de Robert Neal Baxter

O LONGO ASCENSO DO CAPITALISMO. A longa historia do capitalismo divídese en tres fases sucesivas: 1) unha preparación prolongada –a transición entre o modo tributario, a forma organizativa habitual das sociedades premodernas– que durou oito séculos, desde 1000 até 1800; 2) un curto período de madureza (século XIX), durante o cal ‘Occidente’ afirmou o seu predominio; 3) o longo ‘declive’ provocado polo “Despertar do Sur” –por retomar o título do meu libro publicado en 2007– durante o cal os pobos e os seus respectivos estados recuperaron as rédeas da transformación do mundo, tras a primeira vaga que xa tivera lugar no século XX. Esta loita en contra da orde imperialista, inseparábel da expansión mundial do capitalismo, é de por si o axente potencial no longo percorrido da transición, máis alá do capitalismo, cara ao socialismo. Neste século XXI, xa se perciben os comezos dunha segunda vaga de iniciativas independentes por parte dos pobos e dos estados do Sur.

As contradicións internas propias de todas as sociedades avanzadas do mundo premoderno –e non só aquelas específicas á Europa ‘feudal’– están na raíz das sucesivas vagas da innovación sociotecnolóxica que asentaron as bases da modernidade capitalista.

A primeira vaga tivo as súas orixes na China, onde as mudanzas xa comezaron na época Sung (século VIII), para logo desenvolverse durante as épocas Míng e Qing, dando unha vantaxe á China en canto á innovación tecnolóxica e a produtividade do traballo colectivo, manténdose por riba da Europa até o século XIX. A esta vaga chinesa seguiuna a do ‘Oriente Medio’ que tivo lugar no Califato árabo-persa, espallándose despois ás vilas italianas por medio das Cruzadas.

A última vaga trata da longa transición do antigo mundo tributario ao moderno mundo capitalista, que empezou en serio na Europa atlántica tras a conquista/encontro coas Américas e que durante tres séculos (1500-1800) adoptou a forma do mercantilismo. O



capitalismo que pouco a pouco logrou dominar o mundo é o produto desta última vaga de innovación sociotecnolóxica. A forma do capitalismo histórico europeo ‘occidental’ que xurdiu na Europa atlántica e na Europa central – espallándose primeiro aos EUA e logo ao Xapón– desenvolveu unha serie de características propias: sobre todo, o modo de acumulación baseado no desposuímento, en primeiro lugar dos labregos e logo da xente das periferias que foron integrados como dependencias dentro do seu sistema mundial. Esta forma histórica é, pois, inseparábel da contradición centros/periferias que crea, reproduce e agudiza de xeito continuado.

Foi a finais do século XVIII cando o capitalismo histórico adoptou a súa forma final coa chegada da Revolución Industrial británica que inventou a nova ‘factoría mecanizada’ (xunto coa invención do novo proletariado industrial), e mais a Revolución francesa que deu pé á política moderna.

Monthly Review, na que colabora habitualmente Samir Amin é unha revista de ensaios culturais e políticos que se edita en Nova York desde maio de 1949. No primeiro número publicouse o mítico ensaio de Albert Einstein titulado “Por que o socialismo?”. Durante a era de McCarthy nos anos 50, os seus editores, Paul Sweezy e Leo Huberman, foron sinalados e perseguidos como sospeitosos axentes comunistas. O caso de “Monthly Review” chegou á Corte Suprema de Estados Unidos e foi considerado un fito na loita pola liberdade de expresión. A liña editorial desta publicación foi sempre antiimperialista, aínda que se mantivo independente dos compromisos partidarios do momento. Esta publicación teórica acompañou a miúdo a loita práctica de moitos pobos pola súa emancipación nacional e o socialismo



Manifestación o 5 de abril de 2011 polas rúas de Madrid dos sindicatos das nacións do estado en contra da reforma laboral, recorte de pensións, baixada de salarios, privatizacións e centralización da negociación colectiva. Os sindicatos estatais, CCOO e UGT, veñen de perpetrar unha das maiores traizóns á clase traballadora coa sinatura do recente acordo no que se avalaba a involución nos dereitos laborais

O capitalismo maduro desenvolveuse no curto período que marcou o apoxeo deste sistema no século XIX, cando a acumulación do capital adoptou a súa forma definitiva, transformándose na lei básica pola que se rexía a sociedade. Nun principio, esta forma de acumulación tiña efectos positivos, ao permitir a aceleración prodixiosa e continuada da produtividade do labor social. Mais, ao mesmo tempo, tamén tiña efectos destrutivos, e foi Marx quen recalcou que a acumulación destrúe os dous piares da riqueza: o ser humano (víctima da alienación da comoditización) e a natureza.

Na miña análise do capitalismo histórico fixen fincapé nunha terceira dimensión do cariz destrutivo da acumulación: o desposuimento material e cultural dos pobos dominados da periferia e que Marx pasou por alto debido, sen dúbida, a que no curto período no que estaba a escribir a súa obra a Europa parecía estar completamente entregada ás necesidades da acumulación interna. Así, Marx relegou este desposuimento a unha fase transitoria de "acumulación primitiva" que eu, pola contra, teño descrito como permanente.

O certo é, que durante o seu curto período de madurez, o capitalismo cumpriu unha serie de funcións progresistas indiscutíbeis, ao crear as condicións que tornaban posíbel e necesaria a súa superación polo socialismo/comunismo, tanto ao nivel material como ao nivel da nova consciencia política e cultural que o acompañaron.

O socialismo (e, aínda máis, o comunismo) non se concibe, como creron algúns, como un 'modo de produción' superior, capaz de acelerar o desenvolvemento das forzas produtivas e de as combinar cunha distribución 'equitativa' dos ingresos. O socialismo é algo moi diferente: é unha fase superior do desenvolvemento da civilización humana. Non é, pois, por azar que o movemento obreiro callase na poboación explotada para se comprometer coa loita polo socialismo, como ficou patente na Europa do século XIX e recollido no *Manifesto do Partido Comunista* de 1848. Tampouco foi por azar que este reto tomase a forma da primeira revolución socialista da historia, a da Comuna de París de 1871.

O CAPITALISMO MONOPOLISTA: O PRINCIPIO DO LONGO DECLIVE. Ao final do século XIX comezou o longo período de declive do capitalismo. Quero dicir con isto que os efectos destrutivos da acumulación xa superaban cada vez máis a súa dimensión progresista e construtiva. Esta transformación cualitativa ficou plasmada a finais do século XIX no establecemento de novos monopolios produtivos (xa non só no comercio e a conquista colonial como acontecera no período mercantilista). Tratábase da resposta á primeira prolongada crise estrutural do capitalismo que comezara nos anos 1870, pouco despois da derrota da Comuna de París. Tal e como recolleron de xeito notorio Hilferding e Hobson, o xurdir do capitalismo monopolista demostrou que o capitalismo clásico da libre competencia, e propio capitalismo a secas, 'estaba acabado' e se tornara 'obsoleto'. Xa viña sendo hora da necesaria e posíbel expropiación dos expropiadores. Este declive traducíuse na primeira vaga de guerras e revolucións que marcaron a historia do século XX. Por iso, Lenin tiña razón ao afirmar que o capitalismo monopolista era a "fase superior do capitalismo".

Mais Lenin pecaba de optimismo ao crer que esta primeira crise tamén

sería a derradeira e que a revolución socialista non había tardar en chegar. Porén, máis tarde a historia demostrou que o capitalismo si era capaz de superar aquela crise –ao prezo de dúas guerras mundiais– e que mesmo fora capaz de se adaptar aos reveses que lle supuxeron as revolucións rusa e chinesa, así como a liberación nacional na Asia e na África. Mais a este curto período de rexurdimento capitalista monopolista (1945-1975) seguiu unha segunda prolongada crise estrutural do sistema que se encetou nos anos 1970. O capital reaccionou a este novo reto cunha nova mudanza cualitativa, transformándose no que teño descrito como un “capitalismo monopolista xeneralizado”.

A partir desta interpretación do ‘prolongado declive’ do capitalismo, xorden unha serie de preguntas importantes que atinxen á natureza da ‘revolución’ que se presentaba como algo inminente: Até que punto o ‘prolongado declive’ do capitalismo monopolista histórico podería ser sinónimo da ‘longa transición’ ao socialismo/comunismo? Baixo que circunstancias?

Desde 1500, que marcou o principio da manifestación do mercantilismo atlántico da transición ao capitalismo maduro, até 1900, que anunciou o principio do reto que tiña que encarar a lóxica unilateral da acumulación, as potencias occidentais – nomeadamente, Europa, seguida dos EUA e finalmente Xapón– seguían sendo os mestres do xogo, determinando entre elas as estruturas do novo mundo do capitalismo histórico. Por suposto, os pobos e as nacións da periferia que foron conquistados e asoballados resistiron como podían, mais sempre acababan por seren derrotados e obrigados a asumiren o seu status subordinado.

A dominación do mundo por parte dos países occidentais euroatlánticos foi acompañada por unha explosión demográfica nestes mesmos países: os europeos, que representaban 18% da poboación mundial en 1500 pasa-



ron a representar 36% en 1900. O seu número puido aumentarse grazas á masiva emigración ás Américas e Australia dos seus descendentes, sen a cal o modelo de capitalismo histórico, baseado na desaparición acelerada do mundo campesiño, simplemente non sería posíbel. É por iso que o modelo non pode ser trasladado aos sistemas da periferia que non teñen ‘Américas’ de seu para conquistaren. Así, ao non poderen alcanzar os outros dentro do sistema, os pobos das periferias non teñen outra posibilidade do que optaren por unha vía de desenvolvemento diferente.

A INICIATIVA PASA ÁS MANS DOS POBOS E DAS NACIÓNS DA PERIFERIA. En 1871, a Comuna de París que, como xa ficou dito, constituíu a primeira revolución socialista, tamén era a derradeira revolución que ía ter lugar nun país que formaba parte do centro do capitalismo. Co “despertar dos pobos das periferias”, a chegada

O establishment de Washington demostra que é consciente do que está en xogo nas loitas e conflitos decisivos da nosa época, fronte á visión inxenua das correntes maioritarias do ‘altermundismo’ occidental

Toni Negri, e a súa obra “Imperio” están no contrapunto do debate que presenta aquí Samir Amin. Negri, avoga pola espontaneidade e a superación das estruturas partidarias e sindicais, mais na América Latina está a artellarse actuacións complexas nas que se usan partidos tradicionais (como Arxentina) ou organizacións novas (Venezuela) para canalizar os procesos de cambio cara a conquista da soberanía política e a redistribución da riqueza, avanzando así cara o socialismo desde perspectivas nacionais acadas aos diferentes contextos



Samir Amin naceu no Cairo, fillo de pai exipcio e nai francesa (ambos os dous médicos). Pasou a súa infancia e mocidade en Port Said, alí asistiu á escola secundaria. De 1947 a 1957 estudou en París, obtendo un diploma en Ciencias Políticas (1952) antes de graduarse en estatística (1956) e economía (1957). Na súa autobiografía "Itinéraire intellectuel" (1990) escribiu que co fin de gastar unha cantidade considerable de tempo en "acción militante", só podía dedicar un mínimo de tempo á súa preparación para os exames universitarios. Ao chegar a París, Amin uniuse ao Partido Comunista Francés (PCF), pero logo distanciou de marxismo soviético e sumouse por algún tempo cos círculos dos maoístas. Con outros estudantes publicou unha revista titulada; "Étudiants Anticolonialistes". En 1957 presentou a súa tese, supervisada por François Perroux, entre outros, orixinalmente titulada "As orixes do subdesenvolvemento - a acumulación capitalista a escala mundial", logo retitulada como "Os efectos estruturais da integración internacional das economías precapitalistas". Un estudo teórico do mecanismo que crea as chamadas economías "subdesenvolvidas". Logo de terminar a súa tese, Amín regresou ao Cairo, onde traballou desde 1957 ata 1960 como oficial de investigación para "O Instituto para a Xestión Económica". Posteriormente, Amin deixa O Cairo, para converterse nun asesor do Ministerio de Planificación en Bamako (Mali) desde 1960 ata 1963. En 1963 ofrecéuselle unha bolsa no Instituto Africano de Desenvolvemento Económico e de Planificación (Institut Africain de Développement Économique et de Planification - IDEP). Ata 1970 traballou alí, ademais de ser un profesor da Universidade de Poitiers, Dakar e París (París VIII, Vincennes). En 1970 foi nomeado director do IDEP, que dirixiu ata 1980. En 1980, Amin abandonou o IDEP e converteuse en director do Foro do Terceiro Mundo en Dakar

do século XX anunciou un novo capítulo na historia, cuxas primeiras manifestacións viñeron da man das revolucións en Irán (1907), México (1910-1920), China (1911) e a Rusia 'semiperiférica' (1905). Este despertar dos pobos e nacións da periferia foi gañando terreo coa Revolución de 1917, o *Nahda* dos países arabo-musulmáns, a creación do movemento dos Xoves Turcos (1908), a Revolución exipcia de 1919 e a creación do Congreso Nacional Indio (1885).

Como reacción á primeira prolongada crise do capitalismo histórico (1875-1950), os pobos da periferia comezaron a se liberaren en torno a 1914-1917, mobilizándose baixo a bandeira quer do socialismo (Rusia, China, Vietnam, Cuba, quer da liberación nacional (India, Alxeria), levando, en diferentes medidas, a reformas sociais progresistas. Emprenderon o camiño da industrialización, que até agora lles fora prohibido pola dominación do (vello) imperialismo 'clásico', obrigándoo, á súa vez, a se 'adaptar' a esta primeira vaga de iniciativas independentes lanzadas polos pobos, nacións e estados periféricos. Desde 1917 até o momento en que o 'proxecto Bandung' (1955-1980) se esgotou e que o sovietismo veu abaixo en 1990, eran estas iniciativas as que dominaban o panorama.

Pola miña parte, non vexo as dúas prolongadas crises do capitalismo monopolista revellido en termos de prolongados ciclos kondratieffianos, senón como dúas fases do declive do capitalismo mundializado histórico

e como tamén dunha posíbel transición cara ao socialismo. Tampouco considero que o período 1914-1945 constituíse en exclusivo a "Guerra dos 30 anos para a sucesión da hexemonía británica". Mais ben, véxoo como un período marcado pola prolongada guerra que libraban os centros imperialistas en contra do primeiro despertar das periferias, nomeadamente do leste e do sur.

Esta primeira vaga do despertar dos pobos da periferia esgotouse por moitas razóns, entre as que destacan as súas propias limitacións e contradicións internas, e o éxito do imperialismo en atopar novos xeitos de dominar o sistema mundial mediante o control da innovación tecnolóxica, o acceso aos recursos, a mundialización do sistema financeiro e da tecnoloxía da información e as armas de destrución masiva.

No entanto, o capitalismo pasou por unha segunda crise prolongada nos anos 1970, exactamente 100 anos despois da primeira. Fronte a esta crise, o capital reaccionou do mesmo xeito que na anterior crise: consolidou a concentración, o que levou a un aumento do capitalismo monopolista xeneralizado, a mundialización ('liberal') e a financialización. Mais o momento triunfal do novo imperialismo colectivo do triunvirato EUA-Europa-Xapón —a segunda *Belle époque* de 1990-2008, reflectindo a primeira *Belle époque* de 1890-1914— foi efémero, truncado pola entrada dunha nova era de caos, guerras e revolucións. Neste contexto, a segunda vaga do despertar das nacións da periferia que xa comezara negouse a permitir que o imperialismo colectivo da Tríade mantivese as súas posicións de dominación, ao non ser que fose mediante o control militar do planeta. Ao priorizar este obxectivo estratéxico, o *establishment* de Washington demostra que é plenamente consciente do que está en xogo nas loitas e conflitos decisivos da nosa época, fronte á visión inxenua das correntes maioritarias do 'altermundismo' occidental.

O CAPITALISMO MONOPOLISTA XENERALIZADO COMO FASE FINAL DO CAPITALISMO?

Lenin definiu o imperialismo dos monopolios como a “fase superior do capitalismo”. Eu teño definido o imperialismo como unha “fase permanente do capitalismo”, ao entender que o capitalismo histórico mundializado creou e nunca deixa de reproducir e de agudizar a polarización centro-periferia. Certamente, a primeira vaga da constitución de monopolios que tivo lugar a finais do século XIX implicou unha transformación cualitativa das estruturas fundamentais do modo de produción capitalista. De aí, Lenin concluíu que a revolución socialista non se ía facer esperar, e Rosa Luxemburgo cría que a alternativa se colocaba en termos de “socialismo ou barbarie”. Lenin pecaba sen dúbida de optimismo, ao infravalorar os efectos devastadores da renda imperialista –e a transferencia que levaba parello– sobre a revolución de Occidente (os centros) a Oriente (as periferias).

A segunda vaga da centralización do capital que tivo lugar no último terzo do século XX supuxo unha segunda transformación cualitativa do sistema, que teño descrito en termos de “monopolios xeneralizados”. A partir dese momento, non só mandaban no máis alto da economía moderna, senón que tamén lograron impor o seu control directo sobre o conxunto do sistema produtivo. As pequenas e medianas empresas –e mesmo as empresas grandes situadas fóra dos monopolios–, incluídos os agricultores, ficaron literalmente desposuídas, reducidas ao rango de subcontratistas, coas súas correspondentes operacións ascendentes e descendentes, e suxeitas a un rigoroso control por parte dos monopolios.

Nesta fase superior da centralización do capitalismo, rompéronse os seus vínculos cun corpo orgánico vivo, a burguesía. Trátase dunha mudanza de enorme importancia: a burguesía histórica, constituída por familias afinadas nunha determinada localidade, deu paso a unha oligarquía/plutocra-



cia anónima que controla os monopolios malia a dispersión dos títulos do seu capital. O abano de operacións financeiras inventadas ao longo das últimas décadas testemuña esta forma superior de alienación: agora un especulador pode vender aquilo que non lle pertence, de tal xeito que o principio de propiedade fica reducido a un rango pouco máis que irrisorio.

Desapareceu a función do traballo socialmente produtivo. O alto grao de alienación xa atribuíra un valor produtivo ao diñeiro (‘o diñeiro atrae o diñeiro’), mais agora a alienación chegou a extremos insospitados: é o tempo (‘o tempo é ouro’) que, pola súa propia natureza, ‘xera beneficios’. A nova clase burguesa que responde ás necesidades da reprodución do sistema ficou reducida ao rango de ‘servos asalariados’ (en situación de precariedade, para máis inri), mesmo cando son, como membros do segmento máis elevado das clases medias, persoas privilexiadas e moi ben pagadas polo seu ‘traballo’.

Así as cousas, talvez se debería concluír que o capitalismo está acabado? Non hai outra resposta posíbel ao reto que se encara: os monopolios deben ser nacionalizados, como primeiro paso ineludíbel cara á posíbel socialización da súa xestión por obreiros e cidadáns. Trátase da única vía posíbel para avanzar no longo camiño cara ao socialismo. Ao mesmo tempo, tamén representa a única vía para desenvolver unha nova macroeconomía que estableza un auténtico espazo para

Na América latina experimentase a conciliación de movementos sociais e plataformas electorais, mentres noutros lugares se predica o seu divorcio con nefastas consecuencias



Instantánea dunha das xornadas de debate que en Mali animou Samir Amin e que reflicte casualmente o desnivel que se dá habitualmente nas discusións norte-sur, centro-periferia

as operacións realizadas por pequenas e medianas empresas. Se iso non se leva a cabo, a lóxica da dominación por un capital abstracto non poderá levar senón ao declive da democracia e da civilización, a un 'apartheid xeneralizado' ao nivel mundial.

A VOCACIÓN TRICONTINENTAL SEGUNDO MARX. A interpretación que eu fago do capitalismo histórico fai fincapé na polarización do mundo –isto é, a dicotomía centro-periferia– xerada pola forma histórica da acumulación do capital. Esta óptica cuestiona as concepcións da 'revolución socialista' e, de xeito máis global, a transición cara ao socialismo, tal e como foron desenvolvidas polos marxismos históricos. A 'revolución' (ou 'transición') que se aveciña non é necesariamente aquela da que partiron estas análises, nin coinciden as estratexias co fin de superar o capitalismo.

Xa ficou demostrado que o que tentaban conseguir as loitas sociais e políticas máis notorias do século XX non era desafiar o capitalismo en si, senón a dimensión imperialista permanente que decorre do feito de o capitalismo existir. A cuestión que se coloca é, pois, se esta mudanza no centro de gravidade causada polas loitas é quen de desafiar o capitalismo, aínda que só for potencialmente.

O pensamento de Marx conxuga a claridade 'científica' das súas análises da realidade coa acción social e política (a loita de clases no seu sentido máis amplo) que teñen como propó-

sito 'mudar o mundo'. Entender os principios básicos, nomeadamente o descubrimento da auténtica causa da máis-valía producida grazas á explotación do traballo social por parte do capital, resulta ser un elemento imprescindible nesta loita. A consecuencia inevitábel que resultaría de calquera abandono desta achega fundamental e lúcida de Marx suporía un fracaso por partida dobre: calquera renuncia á teoría da explotación (a lei do valor) reduce a análise da realidade a unha análise só das aparencias, a unha mentalidade cotada pola súa submisión abxecta ás necesidades da comoditización, á súa vez xerada polo propio sistema; do mesmo xeito, abandonar unha crítica do sistema partindo do valor do traballo suporía minar a eficacia das estratexias e loitas co fin de mudaren o mundo, concibidas dentro deste marco de alienación, e cuxa veracidade non se sustenta en termos propiamente 'científicos'.

Porén, non abonda con se aferrar á análise lúcida formulada por Marx. Non porque a propia 'realidade' mude, ao haber sempre elementos novos que tomar en consideración ao desenvolver unha crítica do mundo real que comezou con Marx, mais, sobre todo, porque, como é xa sabido, a análise proposta no *Capital* de Marx ficou por terminar. No sexto tomo previsto, mais que nunca chegaría a escribirse, Marx ía tratar a cuestión da mundialización do capitalismo. Esta análise xa a realizaron outros, polo que eu mesmo me atrevín a defender a formulación

da “lei do valor mundializado” para devolver ao seu sitio o desenvolvemento desigual mediante a polarización centro-periferia que está inextricabelmente ligado coa expansión mundial do capitalismo histórico. Segundo esta formulación, a “renda imperialista” fica integrada no proceso da produción e circulación do capital no seu conxunto e na distribución da máis-valía. Esta renda está no cerne mesmo do reto que debe encarar, ao estar na raíz da mingua das loitas polo socialismo nos centros do imperialismo, ao tempo que resalta o aspecto antiimperialista das loitas que se levan a cabo nas periferias en contra do sistema de mundialización capitalista/imperialista.

Non vou volver falar aquí sobre o que suxería unha exexese da obra de Marx. Marx, ese auténtico titán, coa súa perspicacia crítica e a incríbel sutileza do seu pensar, tiña que ter, polo menos, a intuición de que se ía ter que lidar cunha cuestión maior neste particular, tal e como indican os seus comentarios acerca dos efectos desastrosos que supuxo o aliñamento da clase traballadora inglesa co chauvinismo asociado coa explotación colonial da Irlanda. Marx non se estrañou, por tanto, de a primeira revolución socialista acontecer na Francia, a pesar do seu menor grao de desenvolvemento económico a respecto da Inglaterra, mais cunha consciencia política máis elevada. Xunto con Engels, Marx esperaba que o ‘atraso’ alemán abrise as portas para desenvolver unha forma de avance orixinal, ao facer confluír a revolución burguesa coa socialista.

Lenin afondou máis nesta análise, ao subliñar a transformación cualitativa que implicaba a transición cara ao capitalismo monopolista. De aí sacou a conclusión ineludíbel de que o capitalismo deixara de ser unha fase progresista necesaria da historia e que agora ficara “putrefacto” (en palabras do propio Lenin). Ou, dito doutra maneira, tornárase “obsoleto” e “senil” (nas miñas palabras), de tal xeito que a súa substitución polo socialismo resultaba necesaria e posíbel.

Dentro deste marco, ideou e levou á práctica unha revolución que comezou na periferia (Rusia: o elo débil). Logo, ao comprobar como fracasaban as esperanzas que tiña depositadas na revolución europea, ideou a transferencia da revolución para o Oriente, onde acreditaba na posibilidade de facer encaixar os obxectivos dunha loita antiimperialista cos obxectivos da loita en contra do capitalismo.

Foi Mao quen formulou de xeito rigoroso a natureza complexa e contradictoria dos obxectivos da transición ao socialismo que se perseguen neste contexto. O ‘marxismo’ (ou, mellor dito, os marxismos históricos) encaraban un novo reto que non existía nin sequer na consciencia política máis lúcida do século XIX, mais que xurdiu debido á transferencia da iniciativa para transformar o mundo ás mans dos pobos, nacións e estados da periferia.

A renda imperialista non ‘só’ beneficiaba os monopolios do centro dominante so a forma do exceso-valor adicional, senón que tamén alicerzaba a reprodución da sociedade no seu conxunto, malia a súa evidente estrutura clasista e a explotación dos traballadores. Iso é o que foi definido con tanta lucidez por Perry Anderson como “marxismo occidental”, que describiu en termos dun “produto do fracaso”, quer dicir o abandono da perspectiva socialista, que nos interesa aquí. Pois, ao renunciar a ‘mudar o mundo’ e ao se dedicar a realizar estudos ‘académicos’, este marxismo ficou condenado e sen impacto político. A consecuencia diso foi a deriva liberal da socialdemocracia, sumándose á ideoloxía estadounidense do ‘consenso’ e ao atlanticismo ao servizo da dominación imperialista do mundo.

‘Un outro mundo’ –unha expresión certamente ambigua para falar dun mundo comprometido co longo percorrido cara ao socialismo– é obviamente imposíbel ao non ser que sexa quen de solucionar os problemas dos pobos na periferia, que non son menos que 80% da poboación mundial! Por iso, ‘mudar o mundo’ impli-

‘Un outro mundo’ –unha expresión ambigua para falar dun mundo comprometido co longo percorrido cara ao socialismo– é imposíbel ao non ser que sexa quen de solucionar os problemas dos pobos na periferia



Samir Amin en Berlín, no 2009, na entrega do premio Ibn Rushd do Fondo para a liberade do pensamento

ca mudar as condicións de vida desta maioría e o marxismo, que analiza a realidade do mundo para maximizar a eficacia das forzas do cambio, asume por necesidade unha vocación inequivocamente tricontinental: África, Asia, América latina.

Como se relaciona iso coa cuestión da loita que nos ocupa? O que propoño, para responder a esta interrogativa, é unha análise da transformación do ('senil') capitalismo monopolista e imperialista nun capitalismo monopolista xeneralizado (aínda máis senil por esta mesma razón). Trátase dunha transformación cualitativa en resposta á segunda prolongada crise sistémica que comezou nos anos 1970 e que aínda fica por resolver. A partir desta análise, tiro dúas conclusións principais: 1) O sistema imperialista transformouse no imperialismo colectivo da Tríade como reacción fronte á industrialización das periferias, consecuencia da vitoria da primeira vaga do seu 'despertar'. Isto ocorre conxuntamente coa implementación por parte do novo imperialismo de novos xeitos de controlar o sistema mundial, baseados no control militar do planeta e dos seus recursos, a protección exacerbada da apropiación exclusiva da tecnoloxía por parte de oligopolios, e o control do sistema financeiro mundial; 2) Implica tamén, por outra banda, unha transformación das estruturas de clase do capitalismo contemporáneo, debido á emerxencia dunha oligarquía dominante exclusivista.

O 'marxismo occidental' non prestou a debida atención á transformación decisiva que representa a emerxencia do capitalismo monopolista xeneralizado. Os intelectuais da nova esquerda radical occidental néganse a sopesar os efectos decisivos da concentración dos oligopolios que hoxe dominan o conxunto do sistema produtivo do mesmo xeito que dominan toda a vida política, social, cultural e ideolóxica. Tras borrar o termo 'socialismo' (e, *a fortiori*, 'comunismo') da súa linguaxe, xa non vén necesaria a expropiación dos expropiadores, senón que teñen a mirada posta nun 'outro capitalismo', por outra parte imposíbel, que dan en chamar 'con rostro humano', sendo a consecuencia inevitábel de todo iso a deriva dos discursos 'post' (postmodernista, post-marxista...). Por exemplo, Negri non di absolutamente nada acerca desta transformación decisiva que, ao meu ver, se acha no centro mesmo dos asuntos importantes do noso tempo.

A neolingua na que se expresan estas arroutadas debe entenderse no sentido máis literal do termo, isto é, como un imaxinario ilusorio desligado de calquera realidade. En francés *le peuple* (ou, mellor: *les classes populaires*), como tamén en español *el pueblo* (*las clases populares*) non é sinónimo de 'todo o mundo', pois refírese ás clases dominadas e explotadas, recalcando así a súa heteroxeneidade en canto ás relacións que manteñen co capital, o que torna factíbel elaborar estratexias concretas eficaces que fagan delas axentes activas polo cambio. Iso contrasta co equivalente inglés *people* que non leva implícito este significado, sendo sinónimo de *les gens* ('todo o mundo') en francés e *la gente* en español. A neolingua desbota estes conceptos (marcadamente marxistas e expresados en francés e español), e trócaos por algún termo ambiguo como o "multitude" de Negri. É unha tolemia filosófica atribuír a esta palabra (que nada suma e moito resta) un suposto poder analítico ao invocar o uso que fixo del Spinoza, que vivía

nunha época e nunhas condicións que nada teñen a ver coas nosas.

A moda do pensamento político que caracteriza os novos esquerdistas radicais occidentais tamén pasa por alto o carácter imperialista da dominación dos monopolios xeneralizados, ao substituílos co termo vacuo "Imperio" (segundo Negri). Este occidentocentrismo, levado ao extremo, omite calquera reflexión sobre a renda imperialista sen a cal non se poden entender nin os mecanismos da reprodución social nin os retos que estes implican.

Pola contra, Mao presentou unha visión que era, á vez, profundamente revolucionaria e 'realista' (científica, lúcida) en canto a como se debía analizar o reto, tornando posíbel extraer estratexias eficaces para levar a cabo avances sucesivos no longo camiño da transición cara ao socialismo. Foi por esta razón que distinguiu e relacionou entre si as tres dimensións da realidade: os pobos, as nacións e os estados.

O pobo (as clases populares) 'queren a revolución', polo que resulta factíbel erguer un bloque hexemónico que aglutine as diferentes clases dominadas e explotadas, en contraposición a aquela que torna posíbel a reprodución do sistema da dominación por parte do capitalismo imperialista que se exerce mediante o bloque comprador hexemónico e o estado que está ao seu servizo.

Cando se fala de nacións, refírese a que a dominación imperialista nega a dignidade das 'nacións' (chámense como se chamen), forxadas na historia das sociedades da periferia. No nome da 'occidentilización' e a proliferación de bens barateiros, esta dominación levou de xeito sistemático á destrución de todo canto cada nación tiña de particular. Así pois, a liberación do pobo fica inseparábel da liberación das nacións ás que pertencen. É por iso que o maoísmo substituíu o lema "Proletarios de todos os países unídevos!" polo máis englobante "Proletarios de todos os países e pobos oprimidos unídevos!".



Gunder Frank, Giovanni Wallerstein e Samir Amin asinando libros en Rio no 2003. Manifestación da folga xeral do 27 de xaneiro de 2011 na que a mocidade tivo un importante papel



As nacións queren acadar a súa liberdade, entendida como un elemento que complementa a loita popular, e non como algo que entre en conflito con ela. A liberación non implica, pois, volver ao pasado –a ilusión fomentada polo apego culturalista ao pasado–, senón inventar o futuro. Iso parte da transformación radical da herdanza histórica da nación fronte á importación artificial dunha falsa 'modernidade'. Enténdese aquí a cultura herdada e suxeita á proba da transformación en termos dunha cultura política, coidando de non empregar o termo 'cultura' de xeito indiscriminado, englobando as manifestacións 'relixiosas' entre outras, que non quer dicir nada, porque a auténtica cultura non é nin abstracta nin unha constante histórica.

A referencia ao estado parte da necesidade de recoñecer a relativa autonomía do seu poder nas relacións que mantén co bloque hexemónico sobre o que asenta a súa lexitimida-



Folga Xeral do 29 de setembro de 2010 en Compostela. Piquetes diante de Mcdonald's

de, mesmo no caso de este ser de tipo popular e nacional. Mentres exista o estado non se pode obviar esta autonomía, quer dicir polo menos en canto dure a transición ao comunismo. Só é despois desta transición –non antes– que se pode contemplar a posibilidade dunha 'sociedade sen estado' non só porque se deben protexer os avances populares e nacionais fronte á agresión continua do imperialismo, senón, sobre todo, porque 'avanzar no longo camiño da transición' implica o 'desenvolvemento das forzas produtivas'. Dito doutro xeito, o obxectivo consiste en conseguir aquilo que o imperialismo leva vedando nos países da periferia e acabar co legado da polarización do mundo, inextricabelmente ligada á expansión do capitalismo histórico. O obxectivo a longo prazo non consiste en imitar o capitalismo central co fin de o 'alcanzar', por ser imposible e, sobre todo, pouco aconsellábel. O que si implica, pola contra, é unha concepción moi diferente da 'modernización/industrialización', baseada na plena participación das clases populares na súa posta en marcha, para lles traer beneficios inmediatos en cada fase do seu avance. É por iso que cabe rexeitar a razoamento dominante que exige que a xente espere indefinidamente até que o desenvolvemento das forzas produtivas finalmente cree as condicións 'necesarias' para a transición ao socialismo. Estas forzas hai que desenvolver desde o primeiro momento coa mirada posta na construción do socialismo. Fica claro que o poder do estado se acha no cerne dos conflitos entre as necesidades contraditorias do 'desenvolvemento' e do 'socialismo'.

"Os estados queren a súa independencia". Esta formulación ten un duplo obxectivo: por un lado, a súa independencia (forma extrema de autonomía) a respecto das clases populares; e, polo outro, a súa independencia a respecto das presións exercidas polo sistema capitalista mundial. A 'burguesía' (entendida *grosso modo* como a clase gobernante que ocupa

as posicións de mando do estado e cuxas ambicións tenden sempre cara a unha evolución burguesa) é, asemade, nacional e compradora: pois, se as circunstancias lle permiten aumentar a súa autonomía a respecto do imperialismo dominante, a burguesía opta por 'defender os intereses nacionais', mais se, pola contra, as circunstancias non o permiten, opta por unha submisión 'compradora' ante as exigencias do imperialismo. A 'nova clase gobernante' (ou 'grupo gobernante') segue nunha posición ambigua, mesmo estando asentada nun bloque popular, polo feito de a mover unha tendencia 'burguesa', aínda que só sexa en parte.

O éxito do progreso no longo camiño cara ao socialismo dependerá da acaída articulación da realidade nestes tres niveis, ou sexa os pobos, as nacións e os estados. Trátase de reforzar a complementariedade dos avances do pobo, da liberación da nación e dos logros levados a cabo grazas ao poder do estado. Pola contra, calquera avance ficará condenado ao fracaso se se permite agrandar as contradicións entre o actor popular e o actor estatal.

A falta de articulación de calquera destes elementos cos outros resultará nun estancamento. É inxenua a concepción abstracta do 'pobo' como único elemento importante, xunto coa tese dun 'movemento' abstracto, capaz de transformar o mundo sen arelas de tomar o poder, como tamén é estéril a idea da liberación nacional 'a calquera prezo', entendida como algo independente do contido social do bloque hexemónico, que leva á ilusión culturalista apegada á nostalxia por un tempo que xa pasou, como, por exemplo, no caso do islam, do hinduísmo ou do budismo políticos. A pesar de crear a aparencia de poder, supostamente portador de 'logros' para o pobo, en realidade vaixe exercer sen contar con el, o que leva á deriva do autoritarismo e a cristalización dunha nova burguesía. O exemplo máis tráxico diso é a desviación do soviétismo que partiu dun 'capitalismo sen capitalistas' (iso é, o capitalismo

de estado) para acabar sendo un 'capitalismo con capitalistas'.

Xa que os pobos, as nacións e os estados da periferia se negan a aceptar o sistema imperialista, o 'Sur' vén sendo unha 'zona de turbulencias', o foco de levantamentos e revoltas permanentes. Desde os seus comezos en 1917, a historia nutriuse en grande medida destas revoltas e iniciativas independentes dos pobos, das nacións e dos estados das periferias, isto é, independentemente das tendencias que dominan o sistema capitalista existente. Malia as súas limitacións e contradicións, son estas iniciativas as que determinaron de xeito decisivo as transformacións do mundo contemporáneo, moito máis que o progreso das forzas produtivas e as readaptacións sociais relativamente fáciles que as acompañaron no corazón do sistema.

Xa comezou a segunda vaga de iniciativas independentes nos países do Sur, onde os países 'emerxentes' e outros, e os seus pobos, están a resistir as tentativas do imperialismo colectivo da Tríade que teñen como obxectivo perpetuaren a súa dominación. As intervencións militares de Washington e dos seus aliados subalternos da OTAN tamén fracasaron. O sistema financeiro mundial está a se esborrallar, e no seu lugar están a xurdir sistemas rexionais autónomos, burlando así o monopolio tecnolóxico dos oligopolios.

Hoxe, un dos temas de plena actualidade consiste en recuperar o control sobre os recursos naturais. Así, as nacións andinas, vítimas da colonización interior que sucedeu á colonización estranxeira, están a deixar a súa marca no panorama político.

As organizacións populares e os partidos da esquerda radical combatente xa derrocaron algúns dos programas liberais (en América Latina) ou están en vías de o conseguiren. Estas iniciativa que son, ante todo, basicamente antiimperialistas, teñen o potencial de se comprometer a emprenderen o longo camiño cara á transición socialista.



Mocidade en marcha na folga xeral do 27 de xaneiro de 2011 en Compostela

Cal é a relación que existe entre estes dous futuros posibles? Aquel 'outro mundo' que se está a construír é ambiguo, ao levar no seu seo o mellor e o peor, polo que ambas as saídas son 'posíbeis', ao non existir ningunha lei da historia que nos indique que dirección tomará. Unha primeira vaga de iniciativas emprendidas polos pobos, nacións e estados da periferia ocorreu no século XX, até 1980. Non se pode elaborar unha análise que permita entender esta vaga se non se para en pensar nas complementariedades e nos conflitos que existen nas relacións entre os tres niveis mencionados. Unha segunda vaga de iniciativas na periferia xa está en curso. Até que punto será eficaz? Será capaz de ir máis alá que a anterior?

ACABAR COA CRISE DO CAPITALISMO? As oligarquías que deteñen o poder no sistema capitalista contemporáneo procuran devolver o sistema á situación anterior á crise financeira de 2008, polo que precisan de convencer a xente mediante un 'consenso' que non supuxer unha ameaza para o seu poder supremo. Para o levaren a cabo, están dispostos a faceren algunhas concesións no tocante aos retos ecolóxicos (sobre todo no que se refire ao tema do clima), para así vestiren de verde a súa dominación, chegando mesmo a deixaren entender que implementarán reformas sociais (a 'guerra á pobreza') e políticas ('boa gobernanza').



Piquetes nunha superficie comercial o 29 de setembro de 2010 en Compostela

Entrar neste xogo que consiste en convencer a xente da necesidade de forxar un novo consenso, mesmo colocado en termos claramente de melloría, só pode levar ao fracaso. Peor aínda, servirá para prolongar ilusións nefastas, porque a resposta fronte ao reto que supón a crise do sistema mundial precisa, ante todo, dunha transformación das relacións de poder para beneficiaren os traballadores, xunto coa transformación das relacións internacionais para beneficiaren os pobos da periferia. As Nacións Unidas xa organizaron unha sarta de conferencias internacionais, mais até agora o seu efecto foi nulo, como era de esperar.

A historia ten demostrado que se trata dun requisito *sine qua non*. A resposta á primeira prolongada crise do capitalismo revellido tivo lugar entre 1914 e 1950, sobre todo so a forma de conflitos que enfrontaron os pobos das periferias coa dominación dos poderes imperialistas e, en diferentes medidas, mediante as relacións sociais internas que beneficiaban as clases populares. Foi así como se asentaron as bases para os tres sistemas que ían xurdir tras a Segunda Guerra Mundial: os socialismos que realmente existían naquel momento; os réximes nacionalpopulares de Bandung; e a concesión socialdemócrata nos países do Norte, especialmente necesaria á luz das iniciativas independentes levadas a cabo polos pobos das periferias.

En 2008 a segunda prolongada crise do capitalismo entrou nunha nova fase. Á vista dos conflitos violentos que xa estalaron, facéndose máis patentes, fica por determinar até que punto influirán en facer fronte á dominación exercida polos monopolios xeneralizados, partindo de posturas antiimperialistas. Fica tamén por saber cal é o papel que desempeñan a respecto das loitas sociais que libran as vítimas das políticas de austeridade impostas polas clases dominantes como reposta á crise. En definitiva, cómpre saber se os pobos se van implicar nunha estratexia tendente a liberar o sistema da súa crise, como aquela que se está a aplicar desde o poder.

Os ideólogos ao servizo do poder están a perder folgos, lanzando arroutadas acerca do 'mundo despois da crise'. A CIA non é quen de imaxinar outra cousa que o restabelecemento do sistema, atribuíndo unha maior participación dos 'mercados emerxentes' dentro do marco da mundialización liberal en detrimento da Europa, no canto dos Estados Unidos, sendo, asemade, capaz de recoñecer que a crise cada vez máis profunda non se vai 'superar', ao non ser por medio de conflitos internacionais e sociais violentos. Ninguén sabe como vai acabar: podería ir a mellor (progreso cara ao socialismo) ou a peor (*apartheid* mundial).

A radicalización das loitas sociais vén sendo a condición que se impón para superar a súa fragmentación interna e a súa estratexia exclusivamente defensiva ('conservar os beneficios sociais'). Esta é a única vía posíbel para identificar os obxectivos necesarios para emprender o longo camiño ao socialismo. Esta é a única vía para que os 'movementos' puideren xeral un empoderamento real.

O empoderamento dos movementos implica a existencia dun marco de condicións macropolíticas e económicas para tornaren viábeis os seus proxectos concretos. Ao dilucidarmos como se crean estas condicións, chega-

mos á cuestión do poder do estado. A pregunta que se coloca é se un estado renovado, autenticamente popular e democrático, sería quen de aplicar políticas eficaces nas condicións mundializadas contemporáneas. A falta dunha resposta negativa inmediata por parte da esquerda levou a chamamentos para se crearen iniciativas co fin de conseguir un consenso mundial mínimo que serviría como base para unha mudanza política global sen contar co estado. Esta resposta e o seu corolario están a se revelar inútiles. Non existe outra solución que non pase por xerar avances ao nivel nacional, coa posibilidade de que sexan reforzados mediante accións axeitadas no nivel rexional, ao teren por obxectivo o desmantelamento do sistema mundial (“desconexión”) antes de calquera reconstrución posterior, cunha base social diferente, e coa perspectiva de superar o capitalismo. Este principio é tan válido para os países do Sur que, dito sexa de paso, xa se botaron a andar nesta dirección na Asia e na América Latina, como para os países do Norte onde, por desgraza, aínda non se baralla a necesidade de desmontar as institucións europeas (incluído o sistema do euro), nin sequera pola esquerda radical.

O INTERNACIONALISMO INDISPENSÁBEL DOS TRABALLADORES E OS POBOS. Os límites dos avances aos que levou o despertar do Sur no século XX, xunto coa agudización das contradicións que de aí decorreran, foron a causa da perda de dinamismo da primeira vaga de liberación, fortalecida enormemente pola hostilidade permanente dos estados do centro imperialista que incluso recorreron á guerra aberta co apoio, ou polo menos coa compracencia –cómpre dicir– dos pobos do Norte. Certamente, os beneficios da renda imperialista eran un factor importante neste rexeitamento do internacionalismo por parte das forzas populares do Norte. No entanto, as minorías comunistas que adoptaron unha postura diferente, ás veces de xeito radical, fracasaron na



súa tentativa de construíren ao seu redor bloques alternativos eficaces. E o paso *en masse* dos partidos socialistas ao campo ‘anticomunista’ contribuíu en grande medida ao éxito dos poderes capitalistas dentro do campo imperialista. Porén, estes partidos non recibiron ningunha ‘recompensa’; nada máis quebrar a primeira vaga de loitas do século XX, o capitalismo monopolista non dubidou en desfacerse da alianza. Mais non aprenderon a lección da súa derrota ao se radicalizaren: moi pola contra, optaron pola capitulación, ao adoptaren pouco a pouco as posicións ‘social-liberais’ que xa coñecemos. Eis a proba, se fixer falta, do papel decisivo que desempeña a renda capitalista na reprodución das sociedades do Norte. Así, a segunda capitulación resultou ser máis unha farsa que unha traxedia.

A derrota do internacionalismo é, en parte, responsábel da deriva autoritaria cara á autocracia nas experiencias socialistas do século pasado. A efusión de expresións creativas de democracia durante o curso das Revolucións rusa e chinesa desmonta o mito fácil de estes países non estaren suficientemente ‘madosos’ para a democracia. A hostilidade por parte dos países imperialistas, facilitada grazas ao apoio que lles brindaron os seus pobos, contribuíu en grande medida a tornar aínda máis difícil a procura do socialismo democrático nunhas condicións que xa eran por si difíciles, consecuencia do legado do capitalismo periférico.

Non existe outra solución que non pase por xerar avances ao nivel nacional, coa posibilidade de que sexan reforzados mediante accións axeitadas no nivel rexional

Cando daban por morto ao marxismo, resultou que as súas análises son referendadas e confirmadas polos feitos



Activistas das Comuna de París executados. Segundo testemuñas da época máis de 50.000 homes e mulleres foron fusilados nas dúas semanas seguintes á caída da comuna. A lembranza desta primeira revolta socialista hai 140 anos, referida por Amin como a última que tería lugar no centro capitalista, e a brutalidade que foi necesaria para afogala, é o que dá azos para soñar que algunha vez serán vingadas todas as xeracións de oprimidos sacrificadas

Así, a segunda vaga do despertar dos pobos, nacións e estados das periferias do século XXI nace en condicións pouco mellores que as anteriores, por non dicir mesmo peores: a suposta característica da ideoloxía estadounidense do 'consenso' (leáse someterse ás exigencias do poder do capitalismo monopolista xeneralizado); a adopción de réximes políticos 'presidencialistas' que destrúen a eficacia do potencia *antiestablishment* da democracia; a eloxia indiscriminada dun falso individualismo deturpado, xunto coa iniquidade (valorada como algo positivo); a adhesión dos países subalternos membros da OTAN ás estratexias implementadas polo *establishment* de Washington... Todos estes elementos están a penetrar dentro da Unión Europea, unha institución que non pode ser outra cousa do que é: unha peza integral da mundialización imperialista.

Dentro deste marco, botar abaixo o proxecto militar tórnase a primeira prioridade e a condición previa para levar ao éxito unha segunda vaga de liberación que está en curso nas loitas dos pobos, das nacións e dos estados dos tres continentes. Até que iso acontecer, os seus avances presentes e futuros ficarán vulnerábeis. Non é de descartar, pois, a posibilidade dun *remake* do século XX, aínda sendo, por razóns obvias, as condicións da nosa época moi diferentes a respecto daquelas do século pasado.

No entanto, este final tráxico non é o único posíbel. A ofensiva do ca-

pital en contra dos traballadores xa está en curso nos propios centros do sistema, o que demostra (por se fixer falta) que o capital, reforzado polas súas vitorias en contra dos pobos da periferia, é capaz de pasar ao ataque frontal das posicións das clases traballadoras nos centros do sistema. Nunha situación así, deixa de ser imposible imaxinar a radicalización das loitas. O legado das culturas políticas europeas aínda non está perdido e debería contribuír ao renacemento dunha consciencia internacional á altura das exigencias da mundialización. Porén, evolucionar neste sentido topa co obstáculo da renda imperialista.

Non se trata só de que sexa unha fonte chave de lucros excepcionais para os monopolios, ao ser tamén un factor que condiciona a reprodución da sociedade no seu conxunto. E, dentro do apoio indirecto por parte daqueles elementos populares que procuran manter a todo custo o modelo 'democrático' electoral actual (por moi pouco democrático que resulte ser na realidade), en toda probabilidade o peso das clases medias é suficiente como para arrolar calquera forza que se vaia fraguando grazas á radicalización das clases populares, polo que resulta plausible que o avance no Sur tricontinental desempeñe un papel central tal e como aconteceu no século pasado. Porén, unha vez que os efectos destes progresos se deixen sentir, reducindo a dimensión da renda imperialista, os pobos do Norte deberían estar mellor situados para se daren conta do fracaso das estratexias que consisten en se someteren ás exigencias dos monopolios do imperialismo xeneralizado. Neste momento, as forzas ideolóxicas e políticas da esquerda radical deberían integrarse nese grande movemento de liberación, baseado na solidariedade entre os pobos e os traballadores.

A batalla ideolóxica e cultural ha de ser decisiva para este renacemento, que teño definido como o obxectivo estratéxico de construír unha 5ª Internacional dos traballadores e dos pobos ■